

A MADRIÑA MORTE (5)



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0029_011_id531_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0029_011_id531.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:04:39

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Maio de 1999
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Etribela
 - Parroquia:**
 - Concello:** Marín
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Dolores Rosales Santiago
 - Idade no momento da recollida:** 72 anos
- **RECOLLEDOR/ORA:** Sen información
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** A Madriña morte / Godfather Death
 - Tipo:** Contos de maxia ou maravillosos
 - Subtipo:** Adversarios sobrenaturais
 - Referencia:** 332 AT



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, maxia, madriña, morte

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

Mira, érache unha ves un home que vivía nunha aldeíña e tiñan catro casas elí, eran moi poucos vesiños, e o pobre vivía... a duras penas podía manter á familia. E xa tiña sete fillos e, claro, como ós pobres todos males lle veñen ensima, o pobre do home, non é que fora unha desghrasia, pero empreñou outra ves á muller. Entonses el pensou: elí na aldea xa casi non había quen lle fora bautisar, porque xa todas as que había por alí xa todas lle bautisaran; outras eran vellas, xa non... E dixo el: «Bueno, pos xa que vou ter outro fillo vou ir ó pueblo e vou a ver si encontro unha boa madriña, polo menos que lle axuden algo ou que lle dean algo».

E bueno, marchouse e dixo el: «Vou un día de feira». E marchou un día de feira. Resulta que, daquela, a xente para corta-la herba e para todo eso tiñan unha fousiña, pero mirou vir a unha señora cunha ghuadaña, e dixo el: «Caramba! Esta debe ter boas terras –porque unha ghuadaña daquela non a usaba calquera–.

Pero miraba que pasaba todo o mundo por ela e a xente non lle saludaba e apartábase. Colle el e vai xunta ela e dille:

– Buenos días, buena señora.

E dille ela:

– Buenos días.

E dille:

– Cómo todo o mundo pasa e nadie lle saluda?

E dixo ela:

– E logho ti non sabes quen son?

– Eu non!

E díxolle:

– Eu son a morte.

– Ah, esí que usted é a morte...

– Mira, e que querías?

– Eu quería que, xa teño sete fillos na aldea, xa case non encontro madriña para eles e quería se usted me viña de madriña.

E díxolle ela:

– Vou, home, vou, vouche de madriña.

E díxolle:

– Para ver se meu fillo, fasía algo por el.



– Non te preocupes que polo teu fillo hei de faser; basta que sea meu afillado.

Así que desde entonses empesaron a ir xa as cousas un pouco mellor. Sempre tiña traballo, sempre o chamaban para un lado, para traballar, e nunca traballo lle faltou.

Entonses xa tiña os fillos, xa os iba criando e fixo unha casiña - tiña unha casiña destas con pedriñas destas pequenas que se fasían así pola aldea -; pero xa empesou a facer unha boa casa de pedra. Cando casi tiña a casa levantada de todo, un día estaba a medio día, sentouse un pouco para descansar e mirou vir á comadre, e cando mira vir á comadre, di: «Caramba! Alghún visiño meu vai a ter que irse».

E chegha a xunto el e di:

– Ola!

– Ola!

–Qué fai usted por aquí, comadre?

Díxolle:

– Véñote a buscar.

– Aí, comadre, non me digha semejante cousas! Non me vaia a levar agora que teño a casiña a medio levantar, os fillos a medio criar... Eu xa sei que ó voso afillado –porque tratábanse de usted os compadres, non sabes? – ó voso afillado non lle vai faltar de nada – porque o tiña a estudar e todo, doulle un estudio -.

E dixo:

– Eu, muller, se me deixara terminar a casiña e acabar de cria-los fillos, despois podíame vir a buscar; pero eso si, antes de vir a buscar-me, avíseme.

Díxolle ela:

– Bueno, pois mira, xa que eres meu compadre, pois voume a xa te avisarei e xa te virei a buscar.

Bueno, criou os fillos, tiña netos, xa se casaran os fillos e todo e un día estaba sentado debaixo dunha figheira que tiña plantada ó lado da casa, á sombra, e mira vir á comadre. E di el: «Eh, aí vén a comadre, a alghún visiño vén a buscar».

Pero chegha a xunta el e dille:

– Buenos días, comadre, e usted que fai por aquí?

– Pois véñote a buscar, home, véñote a buscar.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

– Como, comadre? Cómo me ven a buscar si quedamos en que primeiro iba a avisarme?

– Ah! Así que te tiña que avisar...

– Si.

– Mira, caeuche o pelo?

– Caeu, xa case estou calvo.

– Tréménche as pernas cando andas?

– Ai, tremen! Que teño que andar coa axuda dun bastón.

– Caíronche os dentes?

– Caíron.

– E a vista que tal?

– Oi, pois miro moi mal!

– Bueno, pois, e logho que máis avisos queres?